



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 230/2022
Procedemento: CONVOCATORIA DE PERSONAL
LABORAL TEMPORAL
DOCUMENTO ASINADO POR: O ALCALDE e O
SECRETARIO.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove:

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso - oposición convocado mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm: 065 de data 21 de marzo de 2022 para a presentación de instancias para participar no proceso selectivo para a provisión en réxime de interinidade de unha (1) praza de:

- Persoal Laboral (Persoal Limpeza).
- Grupo: E
- Xornada Parcial (20 horas semanais)
- Número de vacantes: 1

Revisada a documentación aportada en cada unha das solicitudes de participación presentada.

En cumprimento do disposto na Base 9 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 14 de marzo de 2022.





Concello de Xove

No uso das competencias que me outorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Lista Definitiva de Admitidos e Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

ADMITIDOS/AS

LORENA GONZÁLEZ MEITÍN

LUCIA PEÑA LESTEGAS

POLLYANA DOS ANJOS MIRANDA BASTOS

JESUS IGLESIAS PENA

RAQUEL ROMERO TAPIA

EXCLUIDOS/AS

NINGÚN/NINGUNHA

Tal e como sinala a citada Base 9 no seu último parágrafo, o feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereito no procedemento selectivo.





Concello de Xove

SEGUNDO.- Ordear a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncio do Concello e na súa páxina web ós efectos do disposto na Base 9 (Recursos contra a Lista Definitiva).

TERCEIRO.- Tendo en conta o disposto nas Bases 10 e 11 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 14 de marzo de 2022.

Proceder a designación dos membros do Tribunal de Selección:

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez (Encargado do Negociado de Recursos Humanos).

Vocais:

Dona María Antonia Miguez Quelle (Encargada do servizo Municipal de Limpeza)

D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal)

Dna. Elena Santos Rey (Interventora Municipal)

Secretario:

D. Pablo Sánchez Lage (Administrativo adscrito á Secretaría Municipal)

CUARTO.- A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás 10´00 horas do día 31 de marzo de 2022, xoves , na Aula de Formación do Concello de Xove debendo os participantes comparecer no lugar designado





Concello de Xove

10 minutos antes, ás 09´50 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ningunha outra clase de material durante a celebración das probas.

Tamén será obrigatorio, por razóns do COVID 19, ir provisto de mascarilla de protección.

Cinco minutos antes do inicio das probas se efectuará un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.

QUINTO.- Notifíquese a presente Resolución que serve de citación ao Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a Base 11 mediante a súa publicación no taboleiro municipal de anuncios e na páxina web do Concello de Xove.

SEXTO.- Contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mandoo e asinoo.





Concello de Xove

DOCUMENTO ASINADO DIGITALMENTE AO MARXE

